

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición, de 2 prazas de oficial tractorista (OEP 2022 ordinaria)

ANUNCIO

Aprobación da Listaxe Provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, mediante o sistema de concurso-oposición, de dúas (2) prazas de Oficial Tractorista incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2023/E001/000024 – OFICIAL TRACTORISTA. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

Por acordo da Xunta do Goberno Local en sesión ordinaria 23/2023, celebrada en data 06/11/2023, punto 8.2 da orde do día (Expte. 2023/G007/000023), con corrección de erros por Decreto da Alcaldía núm. 3335/2023, do 29 de novembro, aprobáronse as Bases Xerais e Bases Específicas que regularán a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de dúas (2) prazas de Oficial Tractorista (grupo C, subgrupo C2), da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo. Publicouse anuncio da aprobación das mesmas no BOP de A Coruña núm. 231 do 04/12/2023. Publicouse anuncio da convocatoria do proceso selectivo no DOG núm. 116 do 17/06/2024. Publicouse anuncio da convocatoria do proceso selectivo no BOE núm. 158, do 01/07/2024, establecéndose un prazo de presentación de solicitudes de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE. Dito prazo de presentación de solicitudes rematou o 30/07/2024.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, por Resolución da Alcaldía núm. 2591/2024, do 12/09/2024, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso-oposición, de dúas (2) prazas de Oficial Tractorista incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

« Rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Sétima da convocatoria (*Admisión de aspirantes*), e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a Listaxe Provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, mediante o sistema de **concurso-oposición**, de dúas (2) prazas de **Oficial Tractorista** (Grupo C, Subgrupo C2; Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Clase Persoal de Oficios) incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
1	ALVAREZ REY	HERMINIO JOSE	***2738**	-	SI
2	ANDRADE COUTO	JUAN MANUEL	***5484**	-	SI
3	COTELO RODRIGUEZ	ALBERTO	***0725**	-	SI
4	DIAZ GARCIA	EDUARDO RUBEN	***1841**	-	SI
5	FERNANDEZ MOSQUERA	DAVID	***4875**	-	SI
6	IGLESIAS GAMBOA	IVAN	***0566**	-	SI

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
7	LISTA CASTRO	JOSE MANUEL	***3259**	-	NON*
8	LOPEZ RAMA	DIEGO	***5750**	-	SI
9	MALLO GARCIA	EDUARDO	***0234**	-	SI
10	PICHEL LAGE	GABRIEL	***0070**	-	SI
11	VILANOVA ESMORIS	DAVID MANUEL	***8744**	-	SI
12	VILANOVA ESMORIS	RUDY	***3381**	-	SI

Excluídos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
1	CAMBON GONZALEZ	VICTOR ANTONIO	***6233**	5	SI
2	LEMA NANTON	IVAN	***6803**	5	SI
3	LEMA NANTON	VICTOR	***6803**	5	SI
4	ORDOÑEZ POSE	MARTIN	***3142**	5	SI
5	PARAFITA BARDANCA	JOSE ANTONIO	***6904**	6	SI
6	PUGA TAIBO	ANGEL	***5075**	3, 5	NON*

* Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da Lingua Galega: Nivel CELGA 3

Motivos de exclusión (segundo ao indicado na base 6.5):

- Non chega o modelo específico de solicitude ou a documentación está incompleta.
- Non chega o DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente.
- Non chega a titulación esixida ou a documentación está incompleta.
- Non chega o permiso de condución esixido (Clase B) ou equivalente, en plena vixencia, ou a documentación está incompleta.
- Non chega a declaración responsable esixida.
- Non chega o xustificante de pagamento da taxa aplicable debidamente cuberto cos datos persoais da persoa aspirante e praza á que opta (oficial tractorista).

Segundo.- As persoas excluídas, así como as omitidas na relación provisional de admitidos e excluídos, disporán de un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, para poder emendar, de ser o caso, os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da lista de persoas admitidas.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase pola Alcaldía a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas constará a designación nominal do Tribunal.

Terceiro.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal).»

En Carballo, 12 de setembro de 2024

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez